

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RÉXIME INTERIOR, ECONOMÍA, FACENDA E AXENDA DIXITAL DO DÍA 22 DE OUTUBRO DE 2021.

PRESIDENTE SUPLENTE:

D.SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ.

VOGAIS:

DONA IRIA LAMAS SALGUEIRO (*En substitución de D. CARLOS LÓPEZ FONT*)

DONA ANA MARÍA MEJÍAS SACALUGA.

D. GORKA GÓMEZ DÍAZ.

DONA NOEMÍ OUTEDA PROL.

DONA RAQUEL GIRÁLDEZ ARMAS.

DONA OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS.

D. GREGORIO AGÍS GÓMEZ.

D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ.

D. JORGE CUBELA LÓPEZ.

D. MIGUEL DOMÍNGUEZ ALFONSO.

DONA MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ.

DON IGNACIO MARIL PARDO.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS.

D. JAVIER TOURÍS ROMERO.

D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO.

DONA MARÍA ORTEGA IÑARREA.

No salón de Plenos do Pazo Provincial, sendo as 12 horas do día 22 de outubro de 2021 asisten, baixo a Presidencia de D. Santos Héctor Rodríguez Díaz Presidente suplente da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, as deputadas e deputados que ó marxe se sinalan, membros de dita Comisión, de acordo coa correspondente Orde do Día.

Non asiste o Deputado D. Carlos López Font, sendo substituído pola Deputada, Dona Iria Lamas Salgueiro.

Asisten o Sr. Interventor, Don Antonio Graña Gómez e tamén o Sr. Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay.

Actúa como Secretario, por delegación do Sr. Secretario Xeral, Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Aberta a sesión, adoptáronse os seguintes acordos:

- 1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RÉXIME INTERIOR, ECONOMÍA, FACENDA E AXENDA DIXITAL, DO DÍA 20 DE SETEMBRO DE 2021.**

Sometido a votación o asunto, apróbanse por unanimidade a acta da reunión ordinaria da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, do día 20 de setembro de 2021.



2. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE ANÁLISES NA FINCA MOURISCADÉ. (EXPTE.- 2021051464).

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo asinada polo Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, de data 20 de outubro de 2021 en relación coa modificación do acordo regulador do prezo público pola prestación de servizos de análises na Finca Mouriscadé, cuxo contido é o seguinte:

“Visto o Informe - Proposta da Xefa de servizo da Finca de Mouriscadé e Deputado delegado, para establecemento e modificación das tarifas correspondentes coa prestación de servizos de análise na Finca de Mouriscadé.

Vista a xustificación económica das tarifas, segundo Memoria achegada pola Xefa de Servizo da Finca de Mouriscadé, da que resulta que os prezos propostos garanten a cobertura do custe do servizo.

Visto o Informe da Intervención provincial de data 19/10/2021.

Vista a competencia da Xunta de Goberno en materia de establecemento e regulación de Prezos públicos segundo o disposto no artigo 46 do TRLRFL e acordo de delegación de competencias plenarias na Xunta de Goberno Provincial de data 30/12/1992 (BOP nº 14, 22/01/1993).

Á vista do exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno, previo ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, a aprobación da seguinte proposta de ACORDO:

Primeiro. *Acordar o establecemento de novas tarifas de prezos públicos por prestación do servizo de análises na Finca Mouriscadé, correspondente cos análises AMINONIR.*

Segundo. *Aprobar a modificación do anexo de tarifas do Acordo regulador do prezo público pola prestación de servizos de análise na Finca de Mouriscadé, co obxecto de introducir novas tarifas (análises AMINONIR) e modificación (minoración) da tarifa correspondente cos análises NIR PLUS, de conformidade co seguinte:*

Conceptos		
<i>Liña de alimentación animal</i>		
<i>Análises NIR</i>	<i>Tarifa anterior</i>	<i>Nova tarifa</i>
<i>AMINONIR® Prox+NRG</i>	-	<i>15,00 €</i>
<i>AMINONIR® AA</i>	-	<i>42,00 €</i>
<i>AMINONIR® RED</i>	-	<i>50,00 €</i>
<i>AMINONIR® FA</i>	-	<i>12,00 €</i>



NIR PLUS	18,00 €	15,00 €
----------	---------	---------

Terceiro. *Dispoñer a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do Anexo I do Acordo regulador (cadro de tarifas) con incorporación da modificación aprobada, que entrará en vigor e aplicará a partir do día seguinte ao da data da súa publicación.*

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo, obtendo o seguinte resultado:

1. **Votos a favor: (17)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, (7) do grupo provincial do Partido Popular e dous (2) do grupo provincial do BNG.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (0)**, ningunha.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a proposta de acordo do asunto relativo á aprobación do expediente de modificación do acordo regulador do prezo público pola prestación de servizos de análises na Finca Mouriscade, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE, Partido Popular e do BNG.

3. RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DO TELETRABALLO PARA O PERSOAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (EXPTES.-2021051696 E 2020045840).

O Pleno desta Deputación, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 30 de xullo de 2021, acordou aprobar inicialmente o Regulamento do teletraballo para o persoal da Deputación de Pontevedra.

En cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o acordo de aprobación inicial someteuse a información pública polo prazo de trinta días hábiles, contados desde o día seguinte á publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 148 de data 4 de agosto de 2021.



O prazo de exposición pública comenzo o día seguinte, e decir o día 5 de agosto e rematou o 15 de setembro de 2021, presentando reclamacións en prazo o sindicato UGT (Registro WEB2021031499 de data 06/08/2021), o sindicato CC.OO. (Registro WEB2021033194 de data 26/08/2021), o Grupo Provincial do Partido Popular (Registro WEB2021034856 de data 12/09/2021), e traballadores do ORAL (Registro 2021020874 de data 13/09/2021).

Por parte do Servizo de Recursos Humanos e Formación, Secretaría e Intervención elaborouse con data 19 de outubro de 2021 un informe conxunto analizando as reclamacións presentadas durante o prazo de exposición pública no que figura unha proposta ó Pleno para a aprobación definitiva deste regulamento de teletraballo para o persoal da Deputación de Pontevedra.

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo que figura no informe conxunto do Servizo de Recursos Humanos e Formación, Secretaría e Intervención, cuxo contido é o seguinte:

“ANTECEDENTES

1º.- No Pleno da Corporación Provincial celebrado o 30 de xullo de 2021 aprobouse inicialmente o regulamento do teletraballo para o persoal da Deputación Provincial de Pontevedra.

En cumprimento do establecido no artigo 49 da Lei 7/2015, de 2 de abril, no Boletín Oficial da Provincia do 4 de agosto de 2021 publícase o anuncio de apertura do prazo de información pública por un período de trinta días hábiles, que finalizou o pasado 15 de setembro.

3º.- Dentro do referido prazo presentáronse as seguintes alegacións:

A) ALEGACIÓN DO SINDICATO UGT (solicitud con rexistro de entrada do 06/08/2021 web2021031499), que de forma extractada expónse a continuación:



1. **Postos susceptibles de teletraballo:** *Propoñen que estes postos figuren así descritos no cadro de persoal.*
2. **Dereitos e deberes:** *Solicitan incluír a desconexión dixital entre as 21 e 7 horas nos postos de traballo que teñen o réxime de dedicación e que a formación obrigatoria relacionada co teletraballo se desenvolva dentro da xornada laboral ordinaria.*
3. **Xornadas, horarios e quendas:**
 - *Non están de acordo co cambio de criterio e a introdución dun límite máximo do 60% na xornada de teletraballo, por non someterse a debate a súa inclusión, nin ser informado previamente.*
 - *Non están de acordo con excluír desta modalidade de teletraballo ós postos que teñen asignado o factor dedicación*
 - *Na determinación das necesidades dos Servizos deberíase, tamén, facer referencia ás unidades que o integran*
 - *Prever rotacións periódicas nas autorizacións, de existir varias solicitudes, para garantir o dereito de todas as persoas a esta modalidade de teletraballo*
4. **Sistema de control por obxectivos:**
 - *Fixar indicadores de referencia de carácter obxectivo, sen que poda quedar suxeito á discrecionalidade, os cales deberían ser coñecidos, determinados e avaliados pola Comisión con carácter previo*
 - *Deseñar un sistema transitorio para a implantación do teletraballo en determinadas unidades administrativa.*
5. **Procedemento de autorización. Requisitos para acceder ao teletraballo:** *Propoñen a implantación dun sistema de teletraballo por obxectivos ou tarefas. Así mesmo advirten que non aparece o prazo de presentación de solicitudes, polo que entenden que pode solicitarse en calquera momento.*
6. **Causas de suspensión e extinción do teletraballo:**
 - *Non están de acordo con sinalar como causa de extinción o feito de non realizar o traballo dende o domicilio declarado na solicitude,*
 - *Suxiren introducir na regulación un procedemento contradictorio para a suspensión e extinción de propostas*

B) ALEGACIÓNS DO SINDICATO CCOO (solicitude con rexistro de entrada do 26/08/2021 web 2021033194), que de forma extractada expóñense a continuación:



1. **No apartado 1 obxecto**, entenden que, ademais, para estes e outros casos debería desenvolverse un regulamento de traballo a distancia específico.
2. **No apartado 5, de xornadas, horarios e quendas**, solicitan que o número máximo de xornadas en teletraballo sexa o 80% e non o 60%, e que os postos que teñan asignado o factor dedicación non se exclúan totalmente desta modalidade de traballo.
3. **No apartado 7, relativo aos medios tecnolóxicos**, consideran que debería recollerse o procedemento para a compensación dos gastos derivados do teletraballo que asumen as persoas autorizadas.
4. **No apartado 11, sobre criterios de autorización**, sinalan que os contemplados seguen sendo insuficientes.

C) ALEGACIÓNS DA PORTAVOZ DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR na Deputación de Pontevedra, que de forma extractada expóñense a continuación:

1. **No apartado motivación e xustificación**, insta a supresión do parágrafo que di: *..”esta modalidade de traballo non pode entenderse como unha ferramenta de conciliación. Esta concepción errónea pode converterse nunha trampa para as mulleres. A defensa desta idea, provoca efectos negativos nos dereitos laborais e sociais das mulleres, como ocorre coas reducións de xornada ou as excedencias por coidados ..”*. Entende que dito parágrafo reflicte un pensamento ideolóxico, e non lles parece adecuado que o texto recolla reflexións deste cariz. Pensamento que, ademais, consideran contrario ás directrices xerais do Real decreto Lei 28/2020, de 22 de setembro de traballo a distancia, Lei 10/2021, de 9 de xullo, de traballo a distancia, Directiva 2019/1158 (UE) do Parlamento Europeo e do Consello de 20 de xuño de 2019 relativa á conciliación da vida familiar e a vida profesional dos proxenitores e os coidadores.
2. **No apartado relativo a criterios de autorización**, omítese toda alusión a dependencia, discapacidade, vítimas de violencia de xénero



ou conciliación, os cales deberían engadirase aos xa contemplados, ao estar recollidos pola práctica totalidade das normas autonómicas e locais reguladoras do teletraballo. Así mesmo propón a incorporación da letra f) non ter autorizada a compatibilidade para o desempeño dun segundo postos de traballo, cargo ou actividade no sector público.

3. **No apartado 10.1 requisitos xerais para o desempeño do teletraballo, letra c)** non ter autorización de compatibilidade con outro posto de traballo ou actividade remunerada, interesan a súa supresión, se ben deberíase ter en conta como criterio de preferencia respecto a aqueles traballadores que non a teñan. Entenden que este recoñecemento non ten por que afectar nin interferir no correcto desenvolvemento das tarefas e funcións dun posto principal, sendo este o único regulamento que exclúe de maneira absoluta esta modalidade.
4. **No apartado 7, medios tecnolóxicos,** solicitan engadir que os dispositivos que se entreguen para o teletraballo deben ser os mesmos que se utilicen na modalidade presencial, evitando a duplicidade de medios.
5. **No apartado 9, sobre o rexistro da actividade das persoas teletraballadoras e sistema de control por obxectivos,** omítese toda referencia a como se levará a cabo o plan individual do teletraballo, sistema de seguimento (de maneira continua, semanal, mensual ou semestral) e a súa avaliación por parte da persoa responsable/ supervisora.
6. **No apartado 12, relativo ás causas de suspensión e extinción,** propoñen establecer un prazo para a reincorporación cando finalice a causa que deu lugar a suspensión, de 3 días hábiles; e eliminar como causa de extinción a letra i) non realizar o traballo desde o domicilio declarado na solicitude.
7. **No apartado 13 Comisión de Seguimento do teletraballo,** detectan un erro de transcripción ao facer mención á Comisión de Seguimento do Acordo, en lugar do Regulamento. Igualmente advirten que na composición as persoas designadas polas organizacións sindicais



deberían ser en proporción a súa representatividade. Ademais, destacan a ausencia de regulación da súa estrutura (presidencia, secretaría, ..), a perioricidade das súas reunións ou a posibilidade de reunións extraordinarias. Por último suxiren a incorporación dun parágrafo que aclare que a participación nesta comisión carecerá de retribución ou indemnización algunha.

D) ALEGACIONES DE VARIOS EMPREGADOS DO ORAL

1. *Solicitan en prol do principio de igualdade e non discriminación, non excluír do réxime de teletraballo ao persoal que ten asignado o factor dedicación dentro do complemento específico, por estar desempeñando postos que son susceptibles desta modalidade, nos que se realizan as mesmas funcións.*

4º.- Examinadas as alegacións do SINDICATO UGT procede a súa desestimación polas seguintes razóns:

- **Postos susceptibles de teletraballo:** *Non teñen que figurar na RPT, se ben o modelo operativo de teletraballo leva anexo unha relación de postos por servizos na que se especificarán os postos susceptibles desta modalidade.*

2. Dereitos e deberes:

- *Mantense o réxime de dedicación tal e como está configurado nas bases de aplicación de retribucións, xa que na práctica habitual a posible conexión dixital nese tramo horario prodúcese voluntariamente, e non porque se lle requira a persoa afectada, salvo que concorra unha causa de extraordinaria e urxente necesidade.*
- *Mantense a redacción relativa a formación obrigatoria relacionada co teletraballo, pois no apartado 8.1 xa se recolle que esta formación levarase a cabo preferentemente en horario laboral.*

3. Xornadas, horarios e quendas:

- *Mantense o límite máximo de xornada de teletraballo nun 60%, por considerase excesiva a redacción inicial do 80%, que foi reformulada en base as alegación da CIG.*
- *Mantense a exclusión desta modalidade de traballo aos postos que teñen asignado o factor dedicación, dada a responsabilidade inherente ao desempeño do posto e a discriminación que ocasionaría respecto aos empregados que realizan traballos fóra da xornada laboral en presencial, para os que non está permitido o teletraballo.*



- Mantense a referencia ás necesidades do servizo en xeral, que son as que derivan do funcionamento de cada centro xestor, sen necesidade de especificar todas as divisións en que se estrutura.
- Non se contemplan no regulamento rotacións periódicas, de existir varias solicitudes, valorarase tal posibilidade no modelo operativo

4. Sistema de control por obxectivos:

- Mantense a redacción dada neste apartado, xa que os obxectivos os definen as xefaturas de servizo, as cales lles corresponde a organización do traballo a desenvolver, o seu control, seguimento e avaliación, non podendo quedar condicionado o exercicio desta competencia ao que dispoña a Comisión de seguimento.
- Estase analizando a implantación dun sistema transitorio de teletraballo en determinados Servizos para valorar os resultados e posibles melloras.

5. Procedemento de autorización. Requisitos para acceder ao teletraballo:

- O sistema de teletraballo aparece configurado por obxectivos ou tarefas, as cales serán determinadas por cada xefatura de servizo, tendo en conta as ferramentas ou aplicacións informáticas de xestión que utilicen no traballo diario.
- O prazo de presentación de solicitudes figurará no modelo operativo de teletraballo, non no regulamento.

6. Causas de suspensión e extinción do teletraballo:

- Mantense como causa de extinción o feito de non realizar o traballo dende o domicilio declarado na solicitude, xa que as circunstancias nas que se pode desenvolver no garantan a protección de datos e confidencialidade da tarefas a realizar, ademais de dificultar e impedir a prevención e aviación de riscos laborais do contorno de traballo, podendo xerar situacións de total inseguridade xurídica.
- Non procede integrar no regulamento un procedemento contradictorio para a suspensión e extinción de propostas. No propio regulamente sinalase que adoptarse esta decisión a proposta da xefatura de servizo e previa audiencia da persoa teletraballadora.

5º.- Examinadas as alegacións do SINDICATO CCOO procede a súa desestimación polas seguintes razóns:

1. No apartado 1 obxecto:

- Mantense a redacción, pois este regulamento servirá de referencia para situacións provocadas por forza maior ou emerxencias. De producirse outras circunstancias adoptaranse as medidas específicas que sexan precisas en función desa nova situación.



2. No apartado 5, de xornadas, horarios e quendas:

- *Mantense o límite máximo de xornada de teletraballo nun 60%, por considerase excesiva a redacción inicial do 80%, que foi reformulada en base as alegación da CIG.*
- *Mantense a exclusión desta modalidade de traballo aos postos que teñen asignado o factor dedicación, dada a responsabilidade inherente ao desempeño do posto e a discriminación que ocasionaría respecto aos empregados que realizan traballos fóra da xornada laboral en presencial, para os que non está permitido o teletraballo*

3. No apartado 7, relativo aos medios tecnolóxicos:

- *Mantense a redacción deste apartado, xa que segundo o artigo 47 bis, apartado 4, do TRLEBEP o deber da Administración limitase a proporcionar e manter os medios tecnolóxicos necesarios para a actividade, previsión de diferente alcance e contido á enunciada para o ámbito laboral, que comprende os medios, equipos e ferramentas necesarias para o desenvolvemento da actividade.*

4. No apartado 11, sobre criterios de autorización:

- *Mantense a redacción, co fin de asegurar a igualdade de oportunidades de mulleres e homes e, por extensión, o fomento da corresponsabilidade social no coidados, tal e se recolle no apartado relativo á motivación e xustificación desta regulación.*

6º.- Examinadas as alegacións da PORTAVOZ DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR na Deputación de Pontevedra procede a súa desestimación polas seguintes razóns:

- 1. No apartado motivación e xustificación:** *Mantense a redacción, a cal está en coherencia coas políticas desta institución en materia de igualdade.*
- 2. No apartado relativo a criterios de autorización:** *Mantense a redacción, xa que os contemplados están en liña cos obxectivos e a concepción desta regulación.*



3. **No apartado 10.1 requisitos xerais para o desempeño do teletraballo, suspostos de exclusión, letra c) de non ter autorización de compatibilidade con outro posto de traballo ou actividade remunerada:** Mantense a exclusión xa que esta modalidade impide poder realizar un control efectivo do tempo de traballo. Ademais de afectar a reducido número de persoas.

4. **No apartado 7, medios tecnolóxicos:** Neste momento esa posibilidade non se pode implementar xa que o equipo informático que utiliza cada empregado na oficina non se pode desprazar ao domicilio.

5. **No apartado 9, sobre o rexistro da actividade das persoas teletraballadoras e sistema de control por obxectivos:** Está previsto no regulamento que unha vez aprobado se desenvolva por resolución o procedemento a través do modelo operativo de teletraballo, no que se concretarán o contido do plan individual de teletraballo, así como o establecemento de criterios obxectivos de control, seguimento e avaliación.

6. **No apartado 12, relativo ás causas de suspensión e extinción:** Mantense a redacción pois o empregado ten que estar dispoñible dentro da xornada laboral para prestar ese servizo, e se a causa de suspensión é por problemas tecnolóxicos no seu domicilio a persoa empregada tería que incorporarse de forma inmediata e non dispor de tres días para que se solucione o problema.

7. **No apartado 13 Comisión de Seguimento do teletraballo:** A regulación da Comisión de Seguimento corresponde a este órgano, que na primeira sesión constitutiva que celebre definirá o réxime de sesións e o seu funcionamento.

7º.- Examinadas as alegacións formuladas por algunhas persoas do SERVIZO ORAL procede a súa desestimación polas seguintes razóns:



1. No apartado 5 de xornadas, horarios e quendas, subapartado j) relativo aos postos que teñen asignado o factor dedicación: Aclárase a redacción dado que os postos de traballo que teñen asignado este factor están excluídos do teletraballo, pois están suxeitos a un réxime distinto aos demais empregados de igual categoría, xa que reciben un complemento retributivo por realizar como mínimo 20 horas/mes de exceso sobre a xornada laboral, moi superior á gratificación dos empregados que realizan as mesmas horas extras en presencial e non perciben este complemento, xerando nalgúns casos importantes desigualdades. A fin de que non existan dúbidas de interpretación, a redacción deste apartado quedaría como segue:

j) Aqueles postos que teñan o factor dedicación ou concepto equivalente no complemento específico ou complemento de convenio deberán levar a cabo a xornada laboral ordinaria e a mínima da dedicación en presencial. O traballo que teña que desenvolverse a partires da xornada mínima de dedicación poderá realizarse na modalidade de teletraballo, previa autorización da xefatura do servizo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1º.- Artigo 47 bis do Real decreto legislativo 5/2015, de 1 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP), que introduce o Real Decreto Lei 29/2020, de 29 de setembro, de medidas urxentes en materia de teletraballo nas Administracións Públicas e de recursos humanos no Sistema Nacional de Saúde para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola Covid-19, o cal habilita a cada Administración Pública para que desenvolva o marco normativo do teletraballo.

2º.- Artigo 37 TREBEP, relativo as materias obxecto de negociación en cada ámbito respectivo, en asuntos relacionados co calendario laboral, horarios e xornadas,

3º.- Artigo 4.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, relativo ás potestades de autoorganización das entidades locais.



4.º.- Artigo 129 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, concernente aos principios de boa regulación.

5º.- Artigo 33.2 b) da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) e artigo 70.4 do Real decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, que atribúen ao Pleno da Corporación Provincial a aprobación da normativa reguladora do teletraballo.

6º.- Artigo 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, modificada pola Lei 11/99, do 21 de abril, é dicir, aprobación inicial polo Pleno, que regula o procedemento de aprobación do regulamento.

7º.- Artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, sobre a entrar en vigor en relación co artigo 65.2.

En base ós antecedentes e disposicións normativas citadas anteriormente **PROPONSE** ao Pleno da Corporación Provincial a aprobación definitiva do regulamento do teletraballo para o persoal da Deputación Provincial de Pontevedra, cuxo contido expónse a continuación, introducindo as modificacións sinaladas nos apartados anteriores: “”.

Esta normativa entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da LRBRL. Non obstante, a mesma quedará condicionada ao que se determine na resolución de desenvolvemento así como á elaboración e existencia dos correspondentes programas informáticos que permitan o control e seguimento da actividade das persoas empregadas que se atopen en teletraballo.

O Regulamento do teletraballo para o persoal da Deputación Provincial de Pontevedra, quedaría da seguinte forma:



Contido

0. Motivación e xustificación	15
1. Obxecto	16
2. Definicións	16
3. Ámbito de aplicación	17
3.1 Postos susceptibles de desempeño na modalidade de teletraballo	18
4. Dereitos e deberes	18
5. Xornadas, horarios e quendas	12
6. Prevención de Riscos Laborais	20
7. Medios tecnolóxicos	21
8. Formación	22
9. Sistema de control por obxectivos	22
10. Sobre o procedemento administrativo de autorización	23
10.1 Requisitos xerais para o desempeño do teletraballo	23
10.2 Procedemento de solicitude	24
11. Criterios de autorización	26
12. Causas de suspensión e extinción	26
13. Comisións de seguimento do teletraballo	27



0. Motivación e xustificación

O pasado 29 de setembro de 2020, publícase no Boletín Oficial do Estado o Real Decreto - Lei 29/2020, de medidas urxentes en materia de teletraballo nas Administracións Públicas e de recursos humanos no Sistema Nacional de Saúde para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Nel recóllense as principais claves en materia de teletraballo, considerando como tal “aquela modalidade de prestación de servizos a distancia na que o contido competencial do posto de traballo pode desenvolverse, sempre que as necesidades do servizo o permitan, fóra das dependencias da Administración e mediante o uso das TIC”.

O Real Decreto Lei 29/2020 do 29 de setembro é o instrumento normativo para a introdución dunha regulación que sirva como base común para o desenvolvemento do teletraballo en todas as Administracións Públicas. Nel, régúlase o artigo 47 bis da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lei 5/2015 do 30 de outubro que establece unha regulación da modalidade de prestación de servizos a distancia mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

En base a este decreto con rango de lei, as administracións públicas do territorio estatal víronse obrigadas a adaptar a súa normativa de teletraballo ao previsto no devandito texto e, en liña con isto e coa finalidade de efectuar unha adecuada implantación desta modalidade de teletraballo, a Deputación de Pontevedra procede a elaborar a presente regulación, co obxectivo de desenvolver o instrumento normativo propio regulador do teletraballo na Deputación, adaptándose á normativa básica, con previo traballo de deseño do modelo e de negociación coas persoas representantes sindicais das persoas empregadas desta administración.

Ademais, esta modalidade redundará na mellora da prestación de servizos públicos e contribuirá a unha mellor distribución dos tempos de traballo sen que se vexa afectada a calidade do servizo público.

Como é ben sabido, a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e, por extensión, o fomento da corresponsabilidade social nos coidados, son eixes transversais prioritarios no desenvolvemento das políticas públicas da Deputación de Pontevedra.

É por iso que a modalidade do teletraballo implica numerosos desafíos que é necesario afrontar desde a perspectiva de xénero para evitar que se converta nunha medida que perpetúe a desigualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

A diferenza do traballo en remoto realizado por mor da incidencia da crise sanitaria provocada pola Covid19, que tivo carácter urxente e excepcional, o teletraballo como modalidade de traballo debe regularse partindo dunha serie de mecanismos que garantan os dereitos conquistados polas persoas traballadoras, concretamente a metade da poboación, as mulleres.

Para iso, dende esta institución quérense adoptar medidas que eviten a aparición de efectos non esperados que afonden na fenda de xénero no eido laboral. Esta



modalidade de traballo non pode entenderse como unha ferramenta de conciliación. Esta concepción errónea pode converterse nunha trampa para as mulleres. A defensa desta idea, provoca efectos negativos nos dereitos laborais e sociais conqueredos polas mulleres, tal e como ven ocorrendo coas reducións de xornada ou as excedencias por coidados. A realidade social actual reflexa que a meirande parte da carga dos coidados non remunerados que sustentan o estado de benestar é soportado por elas. Tendo en conta esta realidade, debemos estar alerta e deseñar e implantar medidas que corrixan posibles desviacións.

Este feito terase en conta nos Plans de Igualdade da Deputación de Pontevedra, ferramenta estratéxica para garantir na institución provincial a igualdade entre mulleres e homes. En dito documento recolleranse medidas para impedir que esta modalidade de prestación de servizos favoreza a discriminación por razón de sexo.

Por outra banda, o teletraballo leva consigo o desenvolvemento da cultura do traballo orientada a resultados e ao fomento da sustentabilidade ambiental, contribuíndo ao cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030 e concluíndo, todo isto, nunha Administración máis eficiente, sustentable, innovadora e vangardista.

1. Obxecto

O presente texto ten por obxecto a regulación da modalidade de teletraballo da Deputación de Pontevedra como un sistema de prestación de servizos por parte das persoas traballadoras baseado no uso das tecnoloxías da información, que busca unha mellora da produtividade laboral e que supón unha maior optimización de recursos humanos e espazo xunto cunha modernización da Administración Pública.

A presente regulación será de referencia no caso de situacións provocadas por causas de forza maior ou por situacións de emerxencia, nas que non se poidan desenvolver as tarefas en réxime presencial.

2. Definicións

a) Teletraballo: *dacordo coa definición establecida no Real Decreto-lei 29/2020, do 29 de setembro é aquel entendido como modalidade preferente de traballo a distancia que se realiza fóra dos establecementos e centros habituais da Administración, para a prestación de servizos mediante o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación.*

Esta modalidade será compatible e complementaria da modalidade presencial, garantindo en todo caso a atención directa presencial, e configurarase como unha modalidade de traballo de carácter estrutural.



- b) Persoa teletraballadora:** *persoa empregada pública da Deputación de Pontevedra que, no desempeño das funcións propias do seu posto de traballo, alterna a presenza no centro de traballo coa prestación de servizos en réxime de teletraballo.*
- c) Persoa supervisora:** *persoa empregada pública que deberá definir coa persoa teletraballadora a fixación dos seus obxectivos e tarefas durante a modalidade de teletraballo, e o seu establecemento no Plan Individual de Traballo, así como realizar o seu seguimento, control e avaliación. Se durante este sistema de seguimento lle é requirida á persoa teletraballadora unha memoria sobre os principais obxectivos conseguidos, así como as desviacións e a súa xustificación, será esta persoa supervisora a responsable de analizar esta memoria, que deberá ser posteriormente aceptada pola persoa responsable.*
A persoa supervisora será a encargada de realizar o seguimento, en réxime de teletraballo, da persoa teletraballadora. Poderá ser unha persoa superior xerárquica ou a propia persoa xefa de servizo, que neste caso sería tamén a persoa responsable.
Como mínimo haberá unha persoa supervisora por servizo.
- d) Persoa responsable:** *persoa empregada pública con rango mínimo de persoa Xefa de Servizo que ostenta a xefatura da persoa solicitante de teletraballo ou teletraballadora. As persoas supervisora e responsable poderán ser a mesma persoa. No caso de que así sexa, non se duplicarán os trámites en que teñan que intervir ambas figuras. Entre as súas principais funcións atoparanse: aceptar ou denegar a memoria elaborada pola persoa teletraballadora en caso de ser requirida, contrastar coa persoa supervisora o establecemento de obxectivos e os informes de seguimento, control e avaliación, así como ser a persoa, previa á aprobación por parte do servizo de Recursos Humanos, de autorizar ou denegar a modalidade de teletraballo á persoa solicitante. En caso de ser denegada, a persoa responsable deberá identificar e trasladar á persoa solicitante por escrito, as causas da denegación de forma motivada.*

No caso de que soliciten a modalidade de teletraballo aquelas persoas que teñan o rol de persoa supervisora, será esta persoa responsable quen leve a cabo con elas as funcións da persoa supervisora.

3. *Ámbito de aplicación*

A modalidade de teletraballo será aplicable a todas as persoas empregadas públicas que presten os seus servizos na Deputación de Pontevedra e que ocupen postos de traballo cuxos cometidos sexan susceptibles de ser desempeñados nesta modalidade



3.1 Postos susceptibles de desempeño na modalidade de teletraballo

Con carácter xeral, terán consideración de postos susceptibles de ser desempeñados en modalidade de teletraballo todos aqueles postos non incluídos na seguinte relación:

- a) *Postos en oficinas de rexistro e atención e información presencial á cidadanía.*
- b) *Postos de persoas condutoras e persoas subalternas.*
- c) *Postos técnicos ou administrativos de unidades con atención 24 horas.*
- d) *Postos que desenvolvan as súas funcións fóra das dependencias administrativas.*
- e) *Postos que impliquen o manexo de información e acceso a datos non dixitalizados.*
- f) *Postos cunhas funcións que esixan necesariamente a prestación de servizos presenciais, entendéndose por tales os que a súa prestación efectiva só quede plenamente garantida coa presenza física da persoa traballadora.*

Sen prexuízo da consideración dun posto de traballo como susceptible de prestación en modalidade de teletraballo, a prestación mesma estará, en todo caso, condicionada ás necesidades do servizo; por tanto, estas necesidades poden levar a denegar motivadamente a solicitude formulada, aínda cando concorran o resto dos requisitos expostos.

4. Dereitos e deberes

De acordo co artigo 47 bis da Lei do Estatuto Básico do Empregado público, a persoa teletraballadora contará cos mesmos dereitos e deberes que o resto das persoas non teletraballadoras, excepto aqueles que sexan inherentes á realización da prestación laboral de maneira presencial.

- a) *Garantíranse os seguintes dereitos:*
 - *Individuais:*
 - ✓ *A modalidade de teletraballo será voluntaria e reversible.*
 - ✓ *Dereito á carreira profesional, formación e á promoción profesional.*
 - ✓ *Dereito á prevención de riscos laborais e á aplicación da normativa preventiva no traballo a distancia.*
 - ✓ *Dereito á intimidade, á protección de datos e á desconexión dixital, nos termos da normativa vixente de aplicación ás persoas empregadas públicas.*
 - ✓ *Dereito a recibir os medios tecnolóxicos necesarios para desenvolver a súa actividade.*



- ✓ *Dereito á conciliación e a flexibilidade horaria.*
- ✓ *Dereito á prevención e actuación contra o acoso sexual e por razón de sexo.*
- *Colectivos:*
 - ✓ *Dereito a exercer os seus dereitos de natureza colectiva co mesmo contido e alcance que o resto das persoas traballadoras.*
 - ✓ *Dereito a participar nas actividades organizadas ou convocadas polos seus representantes legais.*
- b) *Do mesmo xeito, as persoas teletraballadoras terán os seguintes deberes, intrínsecos ao desenvolvemento das súas labores na modalidade de teletraballo:*
 - *O deber de empregar os medios postos á súa disposición para o cumprimento disto, procurando en todo momento a confidencialidade das comunicacións.*
 - *Deber específico de formación continua.*
 - *Deber de cumprir coa normativa e as recomendacións para a prevención de Riscos Laborais.*
 - *Deber de incorporarse á modalidade presencial de forma inmediata cando sexa requirido para iso ou non poida garantir o desempeño do posto na modalidade de teletraballo con todas as garantías.*

5. Xornadas, horarios e quendas

Establécense os seguintes criterios sobre as xornadas laborais, horarios e quendas de traballo:

- a) *Esta modalidade será compatible con calquera das modalidades horarias, ordinaria, flexible ou especial, permitidas. Con todo, os días nos que se desenvolva a modalidade de teletraballo as persoas ás que se lle autorizou deberán estar en disposición de atender indicacións, instrucións, requirimentos e comunicacións durante un tramo de interconexión de obrigado indicado na normativa vixente ao respecto.*
- b) *A xornada de traballo diaria non poderá ser fraccionada para ser prestada en ambas modalidades.*
- c) *O número máximo de xornadas que se poderán desenvolver na modalidade de teletraballo non poderá superar o 60% das xornadas laborais mensuais e en ningún caso se poderán prestar servizos nesta modalidade de forma continuada durante toda unha semana natural.*
- d) *As persoas que teñan autorizada unha redución de xornada deberán aplicar proporcionalmente dita redución á modalidade presencial e á non presencial.*
- e) *Establecerase, como mínimo, un día de presenza simultánea en función da casuística específica de cada servizo, co fin de fomentar as relacións laborais, realizar posibles reunións presenciais ou de establecer melloras na organización do traballo.*



- f) *Utilizarase o sistema de fichaxe telemático para o seguimento e control da xornada.*
- g) *Esixirase unha presenza mínima de persoal por servizo, atendendo á casuística de cada un deles. Fixaranse as quendas e a rotación en base ás porcentaxes mínimas de persoal cos que deben contar os servizos de maneira presencial, adaptando devanditas porcentaxes a cada un dos servizos da Deputación, en función da capacidade de persoal, espazo, tarefas e necesidades.*
- h) *A autorización para desempeñar a modalidade de teletraballo terá, con carácter xeral, a duración dun ano desde o día que dea comezo o desempeño da devandita modalidade, e será prorrogable automaticamente nas mesmas condicións mentres persistan as mesmas circunstancias que levaron á súa autorización.*
- i) *Na modalidade de teletraballo non se poderán realizar horas extraordinarias, salvo casos excepcionais por razóns de urxencia e inaprazable necesidade debidamente xustificada.*
- j) *Aqueles postos que teñan o factor dedicación ou concepto equivalente no complemento específico ou complemento de convenio deberán levar a cabo a xornada laboral ordinaria e a mínima da dedicación (20 horas) en presencial. O traballo que teña que desenvolverse a partires da xornada mínima de dedicación poderá realizarse na modalidade de teletraballo, previa autorización da xefatura do servizo.*

6. Prevención de Riscos Laborais

*Como se detalla no apartado **10.1 Requisitos xerais para o desempeño do teletraballo**, un dos principais requisitos será cumprir coa política de prevención de riscos laborais, que se determinarán adaptando a normativa vixente a este respecto. Entre estes aspectos, será necesario dispoñer dun espazo de traballo que cumpra coas condicións establecidas en materia de prevención de riscos laborais.*

Para iso, esíxese, xunto coa solicitude de teletraballo, un cuestionario de autoavaliación en materia de riscos laborais a cumprimentar pola persoa solicitante, onde se pon especial atención en factores ergonómicos e riscos psicosociais, especialmente a aqueles que poidan incorrer en desigualdades de xénero como o tecnoestrés, a sobrecarga nos coidados, o illamento...; así como unha declaración de compromiso de adoptar as medidas de seguridade e hixiene recollidas na normativa vixente da



organización. Particularmente, tense en conta a distribución da xornada, os tempos de dispoñibilidade, a garantía dos descansos e a desconexión durante a xornada.

Este cuestionario será avaliado polo servizo de Riscos Laborais da Deputación, co fin de comprobar as condicións alegadas no correspondente cuestionario e sen interferir na privacidade das persoas traballadoras.

No caso de que este servizo recomende a adopción de medidas correctoras, corresponde e é responsabilidade da persoa teletraballadora o cumprimento do declarado na autoavaliación, así como a adopción das medidas preventivas propostas.

Será este servizo, o encargado de facilitar ás persoas traballadoras que se acollan á modalidade de teletraballo a formación e información necesaria en materia de seguridade e saúde laborais para evitar riscos laborais ou, se son inevitables, minimizalos e dispoñer a aplicación de medidas preventivas.

Así mesmo, o servizo de Prevención de Riscos Laborais impartirá sesións formativas periódicas de obrigado cumprimento por parte do persoal teletraballador, onde se indicará como acondicionar o seu posto de traballo fóra das dependencias administrativas, así como as accións necesarias a levar a cabo en materia de seguridade e ergonomía dos postos de traballo coas pantallas, mobiliario, etc. Esta formación contará cunha proba final sobre os coñecementos adquiridos.

Este servizo proporcionará asistencia e asesoramento telefónico ao persoal teletraballador para atender dúbidas, consultas e suxerencias en materia de prevención de riscos laborais, cando así o soliciten.

7. Medios tecnolóxicos

A Deputación de Pontevedra deberá proporcionar os medios para o cumprimento da normativa de seguridade, ciberseguridade e protección de datos de carácter persoal.

- 1. Con carácter xeral, utilizarase un equipo corporativo que inclúa, ademais de todas as medidas de seguridade estándar da organización, medidas adicionais que permitan a comunicación cos servizos corporativos a través de internet. Os recursos facilitados pola Deputación de Pontevedra serán para uso exclusivo das tarefas de prestación de servizos de cada persoa traballadora. Non poderán ser utilizados para ningunha outra finalidade e será a persoa teletraballadora a responsable da súa integridade, custodia, conservación e estado. En caso de calquera incidencia como avarías ou deterioros, será a persoa traballadora a que o comunique ao Centro de Atención ao Usuario (CAU).*
- 2. Sen prexuízo de que a Deputación poida utilizar a extensión telefónica corporativa da persoa teletraballadora, esta deberá comunicar á Xefatura do Servizo o número de teléfono de referencia no que contactar para o suposto de*



que xurdan incidencias que interrompan a comunicación a través da liña corporativa.

3. Definirase unha política de protección da información para situacións de mobilidade que contemple as necesidades concretas e os riscos particulares introducidos polo acceso aos recursos corporativos desde espazos que non están baixo o control da organización. A persoa empregada pública en réxime de teletraballo, estará obrigada a gardar a información xerada ou modificada no exercicio das súas funcións nos sistemas corporativos deseñados para iso (carpetas de rede, espazos colaborativos web, etc.) e que aplican políticas de copia de seguridade para evitar perdas de información.

8. Formación

Todas as persoas teletraballadoras teñen dereito á mesma formación, plan de carreira e promoción profesional que as persoas traballadoras en presencial. Ademais, a persoa teletraballadora deberá realizar certa formación obrigatoria continua, preferentemente en horario laboral, especializada nas materias que resulten necesarias para o adecuado desempeño do seu posto de traballo.

Entre as principais temáticas nas que a persoa teletraballadora deberá recibir formación específica e recursos para autoformación:

- Formación en materia de riscos laborais.
- Formación en protección de datos.
- Formación en novas tecnoloxías, consistente en:
 - ✓ Adecuado uso dos recursos.
 - ✓ Habilidades tecnolóxicas para o teletraballo (ciberseguridade, uso de plataformas para videochamadas e seminarios web, plataformas de colaboración e repositorios documentais...).
 - ✓ Manual de boas prácticas para o teletraballo, con recomendacións de seguridade e protección dos datos.
 - ✓ Guías e pílulas formativas necesarias para as aplicacións particulares de cada Servizo/ Unidade (xestor de expedientes, nóminas, contabilidade, firma electrónica...).
- Formación de xestión por obxectivos, avaliación do desempeño e outras semellantes.

O incumprimento da realización da formación obrigatoria poderá incorrer como causa de revogación da autorización de prestación de servizos en modalidade de teletraballo.

9. Sistema de control por obxectivos

A fixación dun sistema de identificación de obxectivos e avaliación do seu cumprimento será un requisito fundamental para a autorización da prestación de servizos mediante a modalidade de teletraballo.



O Real Decreto-lei 29/2020 do 29 de setembro establece que “o teletraballo deberá contribuír a unha mellor organización do traballo a través a identificación de obxectivos e a avaliación do seu cumprimento”.

Neste aspecto e tendo en conta a casuística propia de cada servizo da Deputación de Pontevedra, estableceranse os seguintes tipos de obxectivos:

- *Obxectivos por servizo: estableceranse, de maneira periódica, podendo someterse a revisión e modificación en función de novos obxectivos e tarefas que vaian xurdindo.*
- *Obxectivos por sección: estableceranse, de maneira periódica, podendo someterse a revisión e modificación en función de novos obxectivos e tarefas que vaian xurdindo.*
- *Obxectivos por posto de traballo: os obxectivos do persoal que se atope teletraballando, estableceranse de forma periódica en función das tarefas que vaian xurdindo.*

Para o establecemento destes, tomaranse como referencia os roles definidos para levar a cabo a modalidade de teletraballo. A persoa supervisora será a encargada de definir coa persoa teletraballadora ao seu cargo a fixación dos seus obxectivos e tarefas durante a modalidade de teletraballo, e o seu establecemento no Plan Individual de Traballo, que deberá ter en conta o dereito á desconexión dixital, facilitando a garantía dos tempos de descanso. Do mesmo xeito, realizará o seu seguimento, control e avaliación, podendo requirir á persoa teletraballadora unha memoria sobre os principais obxectivos conseguidos, posibles desviacións e a súa xustificación e procedendo á súa posterior análise. A persoa responsable será a encargada de verificar e confirmar o establecemento de obxectivos e dos informes de seguimento, control e avaliación da modalidade de teletraballo á persoa solicitante, así como de conformar a devandita memoria e contrastar o traballo realizado coa persoa supervisora.

No caso de que a solicitude de teletraballo proveña dun posto que leve consigo o rol de persoa supervisora, será a persoa responsable a encargada de levar a cabo o mesmo proceso coa devandita persoa solicitante.

No caso de que a solicitude de teletraballo proveña dun posto que leve consigo o rol de persoa responsable, será presidencia e/ou persoa deputada delegada do servizo a persoa encargada de levar a cabo o mesmo proceso coa devandita persoa solicitante.

10. Sobre o procedemento administrativo de autorización

10.1 Requisitos xerais para o desempeño do teletraballo

As persoas que pretendan obter a modalidade do teletraballo deberán cumprir os seguintes requisitos:



- a) *Estar en situación de servizo activo e estar adscrito a un posto de traballo susceptible de se desempeñar en réxime de teletraballo, entendéndose por servizo activo aquel no cal a persoa se atope desenvolvendo as funcións inherentes ao seu posto de traballo.*
- b) *Acreditar unha experiencia mínima de seis meses nos servizos prestados en postos con funcións e tarefas análogas ás do posto que se pretenda desempeñar na modalidade de teletraballo.*
- c) *Non ter unha autorización de compatibilidade con outro posto de traballo ou actividade remunerada.*
- d) *Contar con coñecementos informáticos e telemáticos básicos, teóricos e prácticos que garantan a aptitude para teletraballar, así como de protección de datos vinculados ao obxecto de tratamento. Por parte da persoa xefa de servizo será quen confirme que ten coñecementos TIC.*
- e) *Comprometerse a respectar a normativa vixente de protección de datos e confidencialidade da información, así como a política sobre seguridade da información da Deputación.*
- f) *Dispoñer dun lugar de traballo que cumpra coa normativa vixente en materia de prevención de Riscos Laborais. Para iso, xunto coa solicitude de teletraballo realizarase un cuestionario de autoavaliación en materia de Riscos Laborais, así como asinar unha declaración responsable. Ademais, tamén se deberá realizar a formación que se estableza como obrigatoria na devandita materia.*
- g) *Dispoñer de conexión a internet estable e con amplitude de banda suficiente para poder acceder á rede corporativa da Deputación de Pontevedra.*
- h) *Número de teléfono de referencia para contactar por se xorden incidencias que interrompan a prestación do servizo.*

10.2 Procedemento de solicitude

1. O procedemento iníciase por solicitude da persoa interesada. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido na normativa vixente relativa ao procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para a presentación das solicitudes, a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Xunto coa solicitude deberase achegar debidamente cumprimentado o cuestionario de autoavaliación en materia de prevención de riscos laborais para o posto de teletraballo e a declaración responsable co compromiso de adoptar as medidas a este respecto.

Igualmente, achegarase asinado o compromiso de cumprir en todo momento a normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, para o que se lle



informará por escrito de todos os deberes e obrigacións que lle corresponden de acordo con dita normativa.

Se esta solicitude non reunise os requisitos indicados, poderáselle requirir á persoa solicitante que nun prazo de quince días emende a falta ou aporte os documentos solicitados, indicando que, de non facerse, entenderase por desistida a súa petición.

2. Recibida a solicitude, o Servizo de RRHH requirirá informe aos seguintes Servizos:

- A) A **xefatura do Servizo** ao que figura adscrita a persoa solicitante sobre:*
- Cumprimento dos requisitos (capacidades tecnolóxicas da persoa teletraballadora, posto susceptible para teletraballar, consideración de mellora da produtividade no servizo como consecuencia do teletraballo).*
 - Compatibilidade do desempeño do posto coas necesidades do servizo.*
 - Rotación para asegurar a presenza mínima do servizo.*
 - Plan Individual de Traballo. Neste, a persoa xefa de servizo asignará a unha persoa supervisora a súa determinación xunto coa persoa solicitante, e deberá conter:*

- ✓ Obxectivos.*
- ✓ Calendario.*
- ✓ Controles e sistema de indicadores para medir o seu grao de cumprimento.*
- ✓ Horario de referencia.*
- ✓ Xornadas a teletraballar.*
- ✓ Descrición xeral do traballo para realizar.*
- ✓ Todo iso sen prexuízo de ter que desenvolver todas aquelas que lle poidan ser asignadas por necesidades do servizo.*

- B) A **xefatura de servizo de Novas Tecnoloxías** sobre as asignacións tecnolóxicas:*

- ✓ Ferramentas tecnolóxicas, de traballo en remoto ou colaborativo e de ciberseguridade necesarias.*
- ✓ Conexión cos sistemas informáticos da Deputación.*
- ✓ Acceso ás aplicacións de Deputación.*
- ✓ Sistemas de firma electrónica.*

- C) A **xefatura de Servizo de Prevención de Riscos Laborais** sobre o cuestionario de autoavaliación de riscos laborais ao Servizo de Riscos Laborais para que revise e sinala a súa conformidade ou desconformidade.*

*3. Finalmente, á vista da documentación que obra no expediente, ditarase **resolución** autorizando a modalidade de teletraballo na que se fará constar:*

- ✓ Nº de xornadas mensuais a desenvolver na modalidade de teletraballo*
- ✓ Identificación da persoa supervisora.*
- ✓ Identificación da persoa teletraballadora.*



En caso de informe negativo, a Deputación comunicarllo á persoa interesada e ditará resolución motivada.

A Deputación comunicará periodicamente ás organizacións sindicais a relación de solicitudes autorizadas e denegadas.

*Unha vez **notificada a resolución de autorización**, a súa efectividade producirase no momento no que se entreguen os recursos tecnolóxicos, deixando constancia coa firma por parte da persoa receptora do compromiso de non empregalos para finalidades diferentes ás derivadas da prestación de servizos e de garantir a súa custodia coa debida dilixencia.*

A persoa traballadora deberá efectuar unha proba para verificar as condicións de conexión. De ser favorables, comunicarllo á xefatura de servizo para que adopte as medidas necesarias co fin de facer efectiva a modalidade.

As solicitudes de teletraballo deberán resolverse e notificarse no prazo máximo de tres meses contados a partir do seguinte á súa presentación. De non recibir resolución expresa no indicado prazo entenderase desestimada por silencio administrativo.

11. Criterios de autorización

No caso de que o número de solicitudes de prestación de servizos en réxime de teletraballo dun mesmo servizo non puidese garantir a dotación mínima presencial diaria por servizo, as autorizacións atenderán ao principal criterio de prioridade:

- *Garantir a representatividade equilibrada por sexos por servizo.*

Se unha vez aplicado este criterio de preferencia, varias persoas solicitantes tivesen circunstancias semellantes, tomarase como criterio de desempate:

- 1. Vivir en municipios de menos de 5.000 habitantes, de forma que se contribúa ao afianzamento da poboación no medio rural e evitando así a súa despoboación.*
- 2. Tempo e distancia de desplazamento do domicilio ao centro de traballo ou dificultade de acceso a un servizo de transporte público.*
- 3. A maior antigüidade no posto de traballo que se pretenda desempeñar en réxime de teletraballo.*

12. Causas de suspensión e extinción

Poderase suspender automaticamente a autorización de desempeño dun posto en réxime de teletraballo cando concorran as seguintes circunstancias:

- a) Necesidades do servizo debidamente acreditadas.*
- b) Non dispoñer dos medios adecuados ou non estar garantida a interconexión.*



- c) *Causas puntuais sobrevindas que alteren as condicións e requisitos de autorización.*
- d) *Acordo entre as partes a pedimento da persoa teletraballadora.*

A proposta da xefatura do servizo, e previa audiencia da persoa teletraballadora, ditarase resolución ordenando a suspensión e incorporación inmediata á modalidade unicamente presencial, salvo no suposto do apartado d), que se efectuará na data que se determine no referido acordo.

Unha vez que desapareza a causa que deu lugar á suspensión, reiniciarase a prestación na modalidade de teletraballo no prazo dos tres días hábiles seguintes.

A autorización para prestar servizos en réxime de teletraballo quedará sen efecto por algunha das seguintes causas de extinción xustificadas:

- a) *Petición da persoa teletraballadora.*
- b) *Finalización do prazo de autorización, se estaba suxeita a termo.*
- c) *Necesidades do servizo sobrevindas e axeitadamente motivadas.*
- d) *Incumprimento dos requisitos establecidos.*
- e) *Incumprimento reiterado dos obxectivos establecidos ou calquera outro deber ou obrigaón, protección de datos ou prevención de riscos laborais.*
- f) *Incumprimento das normas e recomendacións en materia de seguridade e protección de datos de carácter persoal.*
- g) *Causas sobrevindas permanentes que alteren as condicións e requisitos de autorización.*
- h) *Cambios no posto de traballo.*
- i) *Non realizar o traballo desde o domicilio declarado na solicitude.*

Esta extinción da modalidade de teletraballo será motivada polo servizo de Recursos Humanos, tras informe emitido pola persoa responsable (Xefatura de servizo) e con previa audiencia á persoa interesada.

13. Comisións de seguimento do teletraballo

Crearase unha Comisión de Seguimento, con representación equilibrada entre mulleres e homes, formada polas persoas responsables dos servizos encargados da súa organización, control e seguimento (Recursos Humanos, Novas Tecnoloxías e Prevención de Riscos Laborais) e polas persoas representantes designadas por cada unha das organizacións sindicais presentes nos órganos de representación do persoal (xunta de persoal e comité de empresa).

Esta Comisión reunirse, de forma periódica e, como mínimo, unha vez anualmente, coa finalidade de que as persoas representantes das organizacións sindicais poidan:

- *Coñecer as posibles incidencias e inconvenientes que poidan xurdir.*



- *Recibir información das solicitudes denegadas e das causas que as motivan.*
- *Coñecer a relación de postos que se atopan na modalidade de teletraballo.*
- *Formular posibles propostas de mellora.*

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo, obtendo o seguinte resultado:

1. **Votos a favor: (10)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, e dous (2) do grupo provincial do BNG.
2. **Votos en contra: (7)**, do grupo provincial do Partido Popular
3. **Abstencións: (0)**, ningunha.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a proposta de acordo do asunto relativo á resolución de reclamacións e aprobación definitiva do Regulamento do teletraballo para o persoal da Deputación de Pontevedra, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE e do BNG e cos votos en contra das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular.

4. DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE SETEMBRO DE 2021. (EXPTE.- 2021049323).

A Intervención con data 6 de outubro de 2021, elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio Contraincendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de setembro de 2021, onde se deixa constancia do seguinte:



“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido no texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orden HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ó mes ou ó trimestre anterior:

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola universitaria de Enfermería, Consocio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ó mes de setembro de 2021 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES SETEMBRO 2021

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Setembro	6,3692020844	6.293.098,68	5,3436819417	1.409.164,67	6,1815784356



Escola de Enfermería	Setembro	18,0239858482	1.910,71	0,0000000000	0,00	18,0239858482
----------------------	----------	---------------	----------	--------------	------	----------------------

Consortio de Incendios e Salvamento	Setembro	86,7203854106	275.968,54	18,4667956413	12.839,73	83,6859928561
-------------------------------------	----------	---------------	------------	---------------	-----------	----------------------

Consortio Deza Tabeiros	Setembro	2,0416692900	9.868,91	15,5919550000	4.110,41	6,0259281728
-------------------------	----------	--------------	----------	---------------	----------	---------------------

TOTAL			6.580.846,84		1.426.114,81	8,9796894229
--------------	--	--	---------------------	--	---------------------	---------------------

*En base ós cálculos detallados nestes informes ponse de manifesto que se **cumpre** co período medio de pago legalmente previsto”.*

A Comisión informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital queda enterada do contido do **informe do período medio de pago a provedores correspondente ó mes de setembro de 2021 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio Contraincendios Deza e Tabeiros-Terra de Montes**, en relación ó disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

5. DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN RELATIVO Ó CUMPRIMENTO DURANTE O 3º TRIMESTRE DE 2021 DOS PRAZOS DE PAGO DE OBRIGAS EN RELACIÓN CO DISPOSTO NA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS (EXPTE.- 2021049763).

A Intervención con data 6 de outubro de 2021, elaborou un informe dando conta do cumprimento pola Deputación de Pontevedra, a Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e o Consorcio Contraincendios Deza Tabeirós, dos prazos de pago de obrigas durante o



terceiro trimestre do 2021, en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, onde se deixa constancia do seguinte:

*“A Lei 15/2010 de modificación da lei 3/2004 de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais establece no seu artigo 4º que as corporacións locais elaborarán un **informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas** previstos en dita lei, informe que debe remitirse ós órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda, e, no seu respectivo ámbito territorial ó das Comunidades Autónomas que teñan atribuída a tutela financeira das entidades locais. Dita información poderá ser utilizada polas Administracións receptoras para a elaboración dun informe periódico e de carácter público sobre o cumprimento de prazos para o pago por parte das Administracións Públicas.*

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe de cumprimento pola Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio Contraincendios da Comarca do Deza e Tabeirós dos prazos para o pago das obrigas correspondente ao 3º trimestre de 2021, que se expón a continuación:

INFORME DE CUMPRIMENTO DE PRAZOS PARA O PAGO DE OBRIGAS CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2021

1. Con referencia á data de conformidade da factura;

➤ Pagos realizados:

Pagos realizados	Período Medio pago (PMP) (días)	Pagos realizados no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fóra Período Legal Prazo	
		Nº Pagos	Importe total	Nº Pagos	Importe Total
Deputación de Pontevedra	9	2.881	11.918.522,66 €	101	320.907,74 €
Escola de Enfermería	11	8	7.155,31 €	1	151,98 €
Consorcio Provincial	78	54	56.711,82 €	8	257.447,98 €
Consorcio Deza e Tabeirós	8	52	25.210,92 €	2	2.279,21 €

➤ Facturas pendentes de pago:



Facturas pendentes de pago	Período Medio pendente pago (PMPP) (días)	Pendentes de pago no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fóra Período Legal Prazo	
		Nº operacións	Importe total	Nº operacións	Importe Total
Deputación de Pontevedra	4	261	1.309.045,29 €	0	0,00 €
Escola de Enfermería	0	0	0,00 €	0	0,00 €
Consortio Provincial	0	0	0,00 €	0	0,00 €
Consortio Deza e Tabeirós	16	12	4.110,41 €	0	0,00 €

2. Intereses de demora pagados

Intereses de demora pagados	Número de pagos	Importe total intereses
Deputación de Pontevedra	0	0,00 €
Escola de Enfermería	0	0,00 €
Consortio Provincial	0	0,00 €
Consortio Deza e Tabeirós	0	0,00 €

En base os cálculos detallados neste informe podemos concluir que **se cumpre** co prazo de pago a provedores legalmente establecido.

A Comisión informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital queda enterada do contido do informe trimestral da Intervención sobre o cumprimento, pola Deputación de Pontevedra, Escola Universitaria de Enfermería, Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consortio Contraincendios Deza Tabeirós, durante o terceiro trimestre de 2021, dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 15/2010 de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

6. DAR CONTA DO INFORME E MEMORANDO DEFINITIVO CORRESPONDENTE Á AUDITORIA DE CONTAS DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA DO EXERCICIO 2020. (EXPTE.- 2021042039).



A Intervención da Deputación de Pontevedra de conformidade co establecido no artigo 29.3 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno en entidades do sector público local, efectuou en colaboración coa sociedade de auditoría BM Neira Auditores, S.L.P., (C.I.F.- B-32468647) o traballo de auditoría da conta xeral da Escola Universitaria de Enfermería de Pontevedra do exercicio 2020, que comprende o balance a 31 de decembro de 2020, a conta do resultado económico-patrimonial, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de liquidación do orzamento e a memoria correspondentes ao exercicio anual rematado en dita data.

O contido do informe definitivo de auditoría da conta xeral anual do exercicio 2020 da Escola Universitaria de Enfermería de data 18 de outubro de 2021 é o seguinte:

INFORME DEFINITIVO DE AUDITORÍA DE CONTAS ANUAIS EMITIDO POLA INTERVENCIÓN PROVINCIAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

Aos membros do Pleno da Deputación de Pontevedra e Padroado da Escola de Enfermaría de Pontevedra, por encargo da Intervención Provincial da Deputación de Pontevedra

Denegación de opinión

A Intervención provincial da Deputación de Pontevedra, en uso das competencias que lle atribúe o artigo 29.3 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno en entidades do sector público local, é o órgano competente para auditar a conta xeral da Escola de Enfermaría de Pontevedra, que comprende o balance a 31 de decembro de 2020, a conta de resultado económico-patrimonial, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de liquidación do presuposto e a memoria correspondentes ao exercicio anual rematado en dita data.

Non expresamos unha opinión sobre a conta xeral da Escola de Enfermaría de Pontevedra. Debido ao efecto moi significativo das cuestións descritas na sección de Fundamento da denegación de opinión do noso informe, non puidemos obter evidencia de auditoría que proporcione unha base suficiente e axeitada para expresar unha opinión de auditoría sobre esta conta xeral.

Fundamento da denegación de opinión

Non puidemos verificar o inventario dos elementos do inmovilizado material así como comprobar o coste e a amortización acumulada do mesmo, que segundo a conta xeral adxunta ascenden a 302.921,15 e -220.426,29 euros, como consecuencia de que non se dispón do correspondente rexistro de inmovilizado.

Non dispuxemos da documentación axeitada para dar validez ao saldo do epígrafe "Patrimonio", por un importe de 410.402,06 €, feito que orixina unha limitación ao alcance.



Como resultado destes feitos, non puidemos determinar os axustes que puideran ser precisos en relación coas partidas do balance e da conta de resultados da conta xeral adxunta.

Cuestións crave da auditoría

As cuestións crave da auditoría son aquelas cuestións que, segundo o noso xuízo profesional, foron de maior significatividade na nosa auditoría da conta xeral do período actual. Estas cuestións foron tratadas no contexto da nosa auditoría da conta xeral no seu conxunto, e na formación da nosa opinión sobre esta, e non expresamos unha opinión por separado sobre esas cuestións.

Excepto polas cuestións descritas na sección Fundamento da opinión denegada determinamos que non existen outros riscos máis significativos considerados na auditoría que se deban comunicar no noso informe.

Colaboración na auditoría de auditores privados

A sociedade de auditoría BM Auditores en virtude do contrato suscrito coa Deputación de Pontevedra, efectuou o traballo de auditoría referido no apartado primeiro. No devandito traballo aplicáronse a proposta da Intervención Provincial da Deputación de Pontevedra, as normas internacionais de auditoría aplicables ó sector público e as normas técnicas que as desenvolven, en particular, nos aspectos relativos á execución do traballo, elaboración, contido e presentación dos informes, e colaboración doutros auditores, así como aqueloutros aspectos considerados necesarios para asegurar a calidade e homoxeneidade dos traballos de auditoría pública (artigo 33 RD 424/2017).

A Intervención Municipal elaborou o presente informe sobre a base do traballo realizado pola sociedade de auditoría BM Auditores.

Responsabilidade dos membros do Padroado en relación coa conta xeral

Os membros do Padroado son responsables de presentar a conta xeral adxunta, de forma que exprese a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da entidade, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á entidade en España, e do control interno que considere necesario para permitir a preparación da conta xeral libres de incorrección material, debida a fraude ou erro.

Na preparación da conta xeral, os membros do Padroado son responsables da valoración da capacidade da entidade para continuar como empresa en funcionamento, revelando, segundo corresponda, as cuestións relacionadas coa empresa en funcionamento e utilizando o principio contable de empresa en funcionamento agás se o órgano de xestión ten a intención ou a obriga legal de liquidar a entidade ou de cesar nas súas operacións ou ben non exista outra alternativa realista.

Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría da conta xeral



A nosa responsabilidade é a realización da auditoría da conta xeral da entidade de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas para o Sector Público vixente en España e a emisión dun informe de auditoría. Sen embargo, debido á significatividade das cuestións descritas na sección Fundamento da denegación de opinión do noso informe, non podemos obter evidencia de auditoría que proporcione unha base suficiente e axeitada para expresar unha opinión de auditoría sobre a conta xeral.

Somos independentes da entidade de conformidade cos requirimentos de ética, e protección da independencia, que son aplicables á nosa auditoría das contas anuais para o Sector Público en España, segundo o exixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas de dito Sector Público.

O contido do memorándum definitivo de conclusións de data 22 de outubro de 2021 que conta co conforme da Viceinterventora da Deputación de Pontevedra é o seguinte:

A. REPRESENTATIVIDAD DE LOS ASPECTOS SIGNIFICATIVOS DE LA CUENTA GENERAL

A estos efectos y para una mayor comprensión de los aspectos relevantes señalados en este memorándum, extractamos a continuación, el Balance y la Cuenta de Resultados integradas en la Cuenta General objeto de la auditoría practicada, así como su comparación con los datos del ejercicio anterior.

Se muestra a continuación, la evolución durante el ejercicio 2020 de la composición de las distintas masas patrimoniales del Activo:

ACTIVO	31/12/2019	31/12/2020	VARIACIÓN ABSOLUTA	VARIACIÓN RELATIVA
ACTIVO NO CORRIENTE	82.061,68	82.494,86	433,18	0,53%
<i>Inmobilizacións materiais</i>	82.061,68	82.494,86	433,18	0,53%
<i>Construcións</i>	44.012,14	44.012,14	0,00	0,00%
<i>Outro inmovilizado material</i>	38.049,54	38.482,72	433,18	1,14%
ACTIVO CIRCULANTE	326.953,22	349.597,81	22.644,59	6,93%
Debedores	2.224,38	0,00	-2.224,38	-100,00%
<i>Debedores por operacións de xestión</i>	0,00	0,00	0,00	0,00%
Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	324.728,84	349.597,81	24.868,97	7,66%
<i>Tesourería</i>	324.728,84	349.597,81	24.868,97	7,66%
TOTAL ACTIVO	409.014,90	432.092,67	23.077,77	5,64%



La evolución del Patrimonio Neto y Pasivo se recoge en el cuadro siguiente:

			VARIACIÓN ABSOLUTA	VARIACIÓN RELATIVA
PATRIMONIO NETO	380.676,71	410.402,06	14.727,84	3,87%
Patrimonio	292.135,28	218.321,69	(73.813,59)	-25,27%
Patrimonio	292.135,28	218.321,69	(73.813,59)	-25,27%
Patrimonio xerado	88.541,43	192.080,37	88.541,43	100,00%
PASIVO CORRENTE	28.338,19	21.690,61	(6.647,58)	-23,46%
Deudas a corto prazo	0,00	140,00	140,00	#iDIV/0!
Outras deudas a C/P	0,00	140,00	140,00	#iDIV/0!
Acredores e outras contas a pagar a C/P	28.338,19	21.550,61	(6.787,58)	-23,95%
TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO	409.014,90	432.092,67	8.080,26	1,98%

El Resultado económico patrimonial alcanzado por la Entidad en el ejercicio 2020 fue positivo por importe de 29.725,35 euros. La evolución del resultado económico patrimonial se refleja a continuación

			VARIACIÓN	VARIACIÓN
INGRESOS	539.446,54	548.608,17	9.161,63	1,70%
Ingresos de xestión ordinaria	118.324,65	113.775,17	(4.549,48)	-3,84%
Ingresos tributarios	118.324,65	113.775,17	(59,89)	-3,84%
Taxas por prestación de servicios ou realización de actividades	118.324,65	113.775,17	13.771,00	-3,84%
Outros ingresos de xestión ordinaria	59,89	0,00	13.771,00	0,00%
Transferencias e subvencións	421.062,00	434.833,00	5.835,88	3,27%
Subvencions recibidas para cancelacion de pasivos	421.062,00	434.833,00	5.835,88	3,27%
GASTOS	(524.718,70)	(518.882,82)	(1.163,77)	-1,11%
Gastos de gestion ordinaria	(485.735,50)	(486.899,27)	(2.781,64)	-1,11%
Gastos de persoal	(412.846,92)	(415.628,56)	1.617,87	-1,11%
Gastos de persoal	(72.888,58)	(71.270,71)	1.617,87	-1,11%
Soldos, salarios e asimilados	(9.449,11)	0,00	9.449,11	0,24%
Cargas sociais	(29.534,09)	(31.983,55)	(2.449,46)	0,67%
Dotacións para amortizacións de inmovilizado		(31.983,55)		-2,22%
Outros gastos de xestión				-100,00%
Suministros y otros servicios				8,29%
	14.727,84	29.725,35	14.997,51	101,83%
	14.727,84	29.725,35	14.997,51	101,83%
RESULTADO DE EXPLOTACIÓN	14.727,84	29.725,35	14.997,51	101,83%



TOTAL AFORRO	14.727,84	29.725,35	14.997,51	101,83%
--------------	-----------	-----------	-----------	---------

De forma previa al análisis de los estados financieros anteriores, nuestra firma ha elaborado un Plan de Auditoría que contenía, entre otros aspectos, la determinación de la materialidad a efectos de planificación, de ejecución del trabajo y de emisión del informe, basada en las magnitudes financieras del ejercicio a auditar y del riesgo determinado en base al conocimiento de la entidad. Además, se ha determinado en dicho documento el error tolerable por cada una de las áreas y agrupaciones de los estados financieros.

De este modo la materialidad global para el ejercicio a auditar 2020 a efectos de informe quedó fijada para el ejercicio 2020 en 3.241,00 euros.

A efectos de ejecución del trabajo la cifra de materialidad quedó corregida en 2.916,63 euros, basándonos en la evaluación inicial de control interno de la entidad.

B. PRINCIPALES CONCLUSIONES POR ÁREAS DE TRABAJO

□ INGRESOS Y GASTOS

Para el análisis de los ingresos y de los gastos se han realizado diferentes procedimientos de trabajo encaminados a analizar procedimientos de auditoría, los cuales desarrollamos a continuación;

✓ **Análisis y comparación de las partidas presupuestadas y las Obligaciones y Derechos reconocidos, así como sus desviaciones.**

Se muestra a continuación el presupuesto de ingresos y gastos de la Entidad para el ejercicio 2020, de acuerdo con la Obligaciones y Derechos reconocidos correspondiente a dicho ejercicio:

CUENTA DEL RESULTADO ECONÓMICO PATRIMONIAL	Presupuesto definitivo	Obligaciones y derechos reconocidos	VARIACIÓN ABSOLUTA	VARIACIÓN RELATIVA
---	-----------------------------------	--	-------------------------------	-------------------------------



INGRESOS	601.963,06	548.608,17	(53.354,89)	-8,86%
Ingresos de xestión ordinaria	125.000,00	113.775,17	(11.224,83)	-8,98%
Transferencias e subvencións				
Outros ingresos de xestión ordinaria	433.833,00	433.833,00	0,00	0,00%
GASTOS	43.130,06	1.000,00	(42.130,06)	-97,68%
Gastos de gestión ordinaria	(601.963,06)	(518.882,82)	83.080,24	13,80%
Gastos de persoal	(543.648,65)	(486.899,27)	83.080,24	13,80%
Outros gastos de xestión	(58.314,41)	(486.899,27)	56.749,38	10,44%
		(32.416,73)	25.897,68	44,41%
RESULTADO DE EXPLOTACIÓN	0,00	29.725,35	29.725,35	

Como se puede observar, entre los datos presupuestado y l Obligaciones y Derechos reconocidos, se observa que el resultado ha sido superior al previsto en 29.725,35 euros, dando un beneficio al 31 de diciembre de 2020 de dicho importe 29.725,35 euros.

En cuanto a los ingresos, se observa una desviación global entre los ingresos presupuestados y derechos reconocidos de -53.354,89 euros. En este importe se incluyen 39.130,06 € correspondientes con Remanente de Tesorería, al tratarse de un ingreso correspondiente con ahorros generados en ejercicios anteriores su incorporación al presupuesto no genera derechos reconocidos, de manera que la desviación por los restantes conceptos es de -14.224,83.

Señalar que, las partidas más significativas se corresponden con los epígrafes “Ingresos de xestión ordinaria” por importe de 113.775,17 euros, y “Transferencias e subvencións” por importe de 433.833,00 euros.

El epígrafe “Transferencias e subvencións”, está formado por las subvenciones concedidas por la Diputación de Pontevedra, cuyo objeto es cubrir los gastos necesarios en el desarrollo de su actividad dando cumplimiento a sus fines estatutarios. Al cierre del ejercicio no hay subvenciones pendientes de cobro.

El epígrafe “Ingresos de xestión ordinaria” está compuesto, principalmente, por tasas de matrículas o por derechos de examen.

Se muestra a continuación los datos contables auditados de la Entidad para el ejercicio 2020, de acuerdo con la Obligaciones y Derechos reconocidos correspondiente a dicho ejercicio:



CUENTA DEL RESULTADO ECONÓMICO PATRIMONIAL	Datos contables 31/12/2020	Obligaciones y derechos reconocidos netos	VARIACIÓN ABSOLUTA	VARIACIÓN RELATIVA
INGRESOS	548.608,17	548.608,17	0,00	0,00%
Ingresos de xestión ordinaria	113.775,17	113.775,17	0,00	0,00%
Transferencias e subvencións	433.833,00	433.833,00	0,00	0,00%
Outros ingresos de xestión ordinaria	1.000,00	1.000,00	0,00	0,00%
GASTOS	(519.316,00)	(518.882,82)	433,18	0,07%
Gastos de gestion ordinaria	(486.899,27)	(486.899,27)	0,00	0,00%
Gastos de persoal	(32.416,73)	(32.416,73)	0,00	0,00%
Outros gastos de xestión			433,18	0,07%
RESULTADO DE EXPLOTACIÓN	29.292,17	29.725,35	433,18	

La diferencia (433,18 €) se corresponde con la ejecución de capítulo 6 (Inversiones) del presupuesto de gasto correspondiente con la adquisición de mobiliario. Se trata de gastos de carácter presupuestario, pero no económico – patrimoniales, reflejándose en el Balance de la entidad (incremento inmovilizado) pero no a la Cuenta de Resultados.

✓ **Adecuación de los gastos a fines estatutarias de la Entidad**

Con respecto al epígrafe “**Outros gastos de xestión**”, señalar que se incluyen aquellos gastos necesarios para el buen funcionamiento de la entidad, tales como reparaciones, suministros, etc.

Para dar validez a dicho epígrafe, en primer lugar, hemos realizado una selección de facturas entre las cuentas que forman dichos epígrafes, las cuales detallamos a continuación:

- Cuenta 622: Reparación y conservación.
- Cuenta 629: Comunicaciones y otros servicios.

Una vez realizada la selección, se han analizado los siguientes aspectos:

- ✓ Correcto registro contable de los gastos
- ✓ Importe registrado corresponde con el documento soporte del gasto
- ✓ Gasto devengado en el ejercicio



- ✓ Gasto adecuadamente soportado
- ✓ Gasto es acorde con la actividad de la empresa.

Los gastos ejecutados por la Entidad durante el ejercicio 2020, se ajustan a los fines establecidos en sus estatutos.

Para dar validez a los “**Gastos de personal**”, hemos realizado una revisión de los Recibos de Liquidación de Cotizaciones (RLC) y Relaciones Nominales de Trabajadores (RNT) de todo el periodo, analizando las posibles diferencias entre dichos documentos

y la contabilidad de la Entidad. Además, hemos realizado una comparación entre los importes que figuran en las nóminas de un mes elegido aleatoriamente y el importe del RLC y RNT de dicho mes para comprobar que no hay diferencias entre la información de las nóminas y la documentación presentada a la Seguridad Social.

No hemos podido verificar la correcta adecuación de las retribuciones a un concreto Convenio colectivo de aplicación, ni ha sido posible, con la información disponible, encuadrar las mismas en las categorías y niveles establecidos en las normas aplicables.

En relación a los gastos de “**Dotación de amortizaciones de inmovilizado**”, la validez de dichos gastos se analizará en el apartado siguiente.

□ **INMOVILIZADO MATERIAL**

Como se aprecia en el balance, el importe del **inmovilizado material** (82.494,86 euros) representa un 20% del activo total de la Entidad.

Para dar validez al **importe del inmovilizado**, se ha solicitado a la entidad el “Libro de bienes de Inversión”, con el objeto de realizar una selección y poder verificar puntos como, existencia, titularidad y valor. No obstante, en la Entidad no constaba ningún tipo de registro donde se indique la composición de dichos saldos, por lo que no se ha podido verificar dicho importe.

Por todo ello, no hemos podido realizar los procedimientos de auditoria para dar validez a:

- ✓ El importe del inmovilizado, el cual asciende a 302.921,15 euros.
- ✓ La amortización acumulada, cuyo saldo es de 220.426,29 euros.
- ✓ Dotación efectuada en el ejercicio por importe de 0,00 euros.
- ✓ Altas efectuadas en el ejercicio, por importe de 433,18 euros.



No se ha podido dar validez a la **amortización acumulada** y la **dotación a efectuar en el ejercicio**, ya que como se ha mencionado anteriormente, la entidad no dispone de un detalle del inmovilizado, ni de un cuadro de amortizaciones detallado por elementos, si de manera global.

□ **TESORERÍA**

La partida de “**Tesorería**” recogida en el balance de la Entidad asciende a 349.597,81 euros, los cuales están, en su totalidad, incluidos en la partida de Bancos. Cabe destacar que la Entidad no utiliza dinero en efectivo y, por lo tanto, no existe una caja física.

Como parte de nuestro trabajo hemos verificado el importe efectivo en bancos, cuyo saldo a 31 de diciembre de 2020 ascendía a 349.597,81 euros, mediante la confirmación de dicho saldo por parte de la entidad financiera ABANCA, única entidad con la que trabajan.

□ **DEUDORES COMERCIALES Y OTRAS CUENTAS A COBRAR**

Para dar validez al saldo registrado en el epígrafe “**Outras contas a cobrar**” cuyo importe asciende a 0,00 euros, se han realizado los siguientes procedimientos de auditoría, con el objeto de detectar algún derecho de cobro no registrado si existiese.

✓ Del total de los deudores reflejados en la contabilidad se ha solicitado detalle de los deudores que componen dicho saldo, con el objeto de enviarle una carta solicitando el saldo pendiente, si lo hubiera, a cierre del ejercicio.

□ **ACREEDORES Y OTRAS CUENTAS A PAGAR**

Dentro del epígrafe “Acreedores e otras contas a pagar”, cuyo importe asciende a 21.550,61 euros, constan las siguientes partidas:

- Cuenta 476: Operaciones de gestión, con importe de 5.414,84 euros, cuyo saldo se ha validado revisando los TCs del periodo 2020 presentados por la Entidad.
- Cuenta 475: H.P acreedora por retenciones practicadas, cuyo importe asciende a -16.135,77 euros, correspondientes a las retenciones del último trimestre, cuyo saldo se ha validado revisando los modelos 111 y 190 del periodo 2020 presentados por la Entidad.

Señalar que, al igual que en caso de los deudores, del total de los acreedores/proveedores reflejados en la contabilidad se ha hecho una selección de manera aleatoria, con el objeto de enviarle una carta solicitando el saldo pendiente, si lo hubiera, a cierre del ejercicio. No hubo incidencia alguna.

□ **EVOLUCIÓN DEL PATRINOMIO NETO**



Para el análisis del patrimonio neto (380.676,71euros), cuyo importe representa prácticamente la totalidad del pasivo de la Entidad, se ha podido comprobar parte de los resultados acumulados desde la constitución de la Escola mediante los datos de las últimas Cuentas presentadas

C.- OTRAS CONSIDERACIONES.

NATURALEZA JURÍDICA DE LA ENTIDAD

Los Estatutos de la Escuela de Enfermería fueron aprobados inicialmente por el Pleno de la Diputación Provincial de Pontevedra en sesión de fecha 5/02/1979, modificados posteriormente el 14/04/1979.

Como recogen los Estatutos referidos, la Escuela Universitaria se constituye como Fundación Pública de Servicio”, figura regulada en los artículos 85 y siguientes del Reglamento de Servicios de las Corporaciones Locales, aprobado por el Decreto de 17 de junio de 1955. Con la aprobación de la Ley 7/1985 desaparece la Fundación pública local como forma de personificación para prestación de servicios por las entidades locales.

A la vista del expuesto, resulta necesaria acometer una revisión y adaptación de la normativa reguladora de la Escuela de Enfermería conforme a la legislación aplicable.

Asimismo, será recomendable una auditoría de funcionamiento para comprobación del cumplimiento de la normativa de aplicación básica y/o directa.

RÉGIMEN COMPETENCIAL

